




Zoa e Azor

An Alfaya

Ilustracións
Montse Español

antes da lectura

1 **Observa** a cuberta e **responde**.



Quen cres que é o personaxe que aparece?

Que está facendo o rapaz?

Cal imaxinas que pode ser o argumento desta historia?

Que comen os cabalos? Montaches algunha vez nun cabalo?

2 **Le** a contracuberta do libro e **responde**.

Quen é o autor do libro?

Quen é a ilustradora?

Onde naceu o autor?

Que estudou?

Escrebiu moitos libros?

Como se chama o neno protagonista desta historia?

Cando desaparece a incompreensión que sofre?

Como se chaman os cabalos?

3 **Escrebe** cales destes elementos non teñen relación cos cabalos.

crinas bridas calote albarda rincho astro solaina cordame
cincha zunido rinchar cabalgadura biosbardo

durante a lectura

1 **Contesta.**

Como se chama o protagonista?

Que ten Silvano que non teñan outros nenos da aldea?

Como se chama o seu profesor?

Que lle quere explicar á nai de Silvano?

Como definen a Silvano na casa? Que non quere ver? Onde se agocha?

Como se chama a persoa encargada de matar o porco?

Como se chama o seu curmán? Lévanse? Por que?

Quen perturba a tranquilidade da aldea? Quen chega a cabalo?

Que precisa de Silvano?

Como se chaman os pais de Silvano?

Con quen actúa Omar Grandal?

Que afección comparte Silvano con Omar Grandal?

2 Debuxa un xinete dacabalo.

3 Sinala cinco substantivos e cinco adxectivos do texto.

Milio saíu da casa feito un basilisco cara á vivenda onde boa parte da aldea fora colaborar na cerimonia da matanza do porco. Este era o costume. Axudarse os uns aos outros. Todos contaban coa participación dos veciños para cando lle tocase a quenda. Tan pronto como perdeu o home de vista, tamén Marcela saíu da casa pola banda traseira e cruzou a horta con paso apurado ata chegar ao hórreo. Silvano fora, ao nesgo, espectador da furia do pai, pois a través das fendas dos piares de pedra por onde entraba un fío de luz, vírao chegar coa camisa arremangada, cun coitelo na man, coa alancada propia dun facinoroso, e escoitara os seus berros ao compás do chío do porco que ía ser sacrificado, para logo liscar da casa coa face acendida e a ollada penetrante dun foraxido.

Substantivos:

Adxectivos:

durante a lectura

4 Le as seguintes afirmacións e **indica** se son verdadeiras ou falsas.

Marcela quer que o seu fillo Silvano vaia á Universidade.

Don Cosme é o professor de Silvano.

Milio quiere que o seu fillo axude na matanza do porco.

Tomás e Silvano lévanse moi ben e adoitan xogar xuntos.

7

Omar Grandal precisa dun axudante para repartir a propaganda do seu espectáculo.

Marcela pensa que o seu fillo é botado para adiante e moi valente.

5 Pon o seguinte texto en presente de indicativo.

Afeito aos piques de Tomás e dalgúns rapaces da aldea, Silvano levaba con resignación os insultos. Pensaba que en parte tiñan razón, e nel fora nacente un sentimento de covardía ante a vida que medraba decontado, descubríndose fóra de lugar no seu contorno, e illándose cada vez máis nunha coiraza impenetrable. Sabíase débil e non lle doía tanto recoñecelo como que os demais se chanceasen del ás súas costas, ás veces mesmo na cara, e que a Milio lle desagradase a súa frouxidade.

[illegible]

6

Explica o significado e **fai** unha oración con cada palabra.

Pátina: _____

• _____

Arrepiar: _____

• _____

Espiollar: _____

• _____

Debullar: _____

• _____

Celeiro: _____

• _____

Lampo: _____

• _____

Coiraza: _____

• _____

Belfo: _____

• _____

durante a lectura

Pailán: _____

• _____

Alancada: _____

• _____

7 **Explica** o significado das seguintes expresións.

Pórse de crequenhas: _____

Pórse feito un basilisco: _____

Andar nos biosbardos: _____

Faltarlle un fervor: _____

Quitar de aí esas pallas: _____

8 **Completa** os espazos para formar palabras.

___is___arra

en___urullo

___rután

___ios___ardos

___alado

___eiril

___elfos

ca___riolas

de___ullar

___eludo

pálpe___ras

de___anceiros

___asilisco

fe___ril

___ate

___a___eco

9

Completa esta táboa cos adxectivos, substantivos ou verbos necesarios.

Substantivo	Adxectivo	Verbo
alegre	alegría	alegrar
	orgullosa	
		sorrir
diversión		
		obedecer
sinceridade		
	rebelde	
	teimoso	
simpatía		

10

Debuxa como imaxinas os biosbardos.

durante a lectura

1 **Contesta.**

En que lugar é a función? Quen vai da familia?

Como se chama a muller de Omar Grandal? E a súa egua?

Que papel ten Silvano no espectáculo?

Como se chama a filla de Omar Grandal?

Como van vestidos os actores que forman parte da obra?

Que pasa na forma de ser de Silvano ao rodearse da xente do teatro?

Que tarefa lle confía Tatiana?

Tempo despois, unha vez que marchou a compañía, que fai Silvano?
En compañía de quen vai pola aldea? Como se sente?

Que promesa lle fai a Omar?

Quen intenta aproximarse a Silvano despois da marcha da compañía?

Con quen é mansa a egua?

- 2 Canto hai que non vas ao cinema ou ao teatro? Que película ou que obra teatral fuches ver a última vez? **Conta** o seu argumento.

- 3 **Explica** o significado e **fai** unha oración con cada palabra.

Apócema: _____

Nocello: _____

Esfolar: _____

Bafarada: _____

Apalpadela: _____

Zunido: _____

Garatuxeira: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura



- 4 **Completa** o texto coas palabras: *amolada, trabar, beizos, chorar, impotencia, costas, petando, porta, amarga, fronte* e *cuñada*.

Marcela baixou a cabeza _____, e debeu _____ os _____ para reprimir as ganas de _____ pola _____. Mais a sorte púxose do seu lado, porque non ben Milio lle deu as _____ alguén apareceu _____ na _____. Recompuxo a expresión _____ da cara e abriuna, atopando de **fronte** con Aurelia, a súa **cuñada**.

- 5 **Completa** con «s», «c», «g», «z», «x», «f» e «ll» segundo sexa preciso.

____ilvano a____adou o e____enario e atrave____ou o patio de buta____a____ polo ____orredor ____entral un ____i____o de____on____ertado. Omar tiña ra____ón, ____a había algunha ____ente ____entada. No ve____tíbulo, unha ____ileira de per____oa____ e____peraban á quenda co ga____o de retirar a ____úa entrada. ____ilvano ____avilou que, ____e ____aía á rúa, e el non levaba ____artos enriba.

- 6 **Atopa** as seis diferenzas.



7 Busca as seguintes palabras no encrucillado.

curmán pai cuñada tío filla esposa marido sogro xenro nora

X	Z	A	Z	L	O	I	S	A	B
E	M	A	R	I	D	O	I	D	C
N	V	E	V	O	G	D	A	A	N
R	U	F	S	R	N	F	P	Ñ	R
O	T	I	O	P	N	F	G	U	D
A	B	O	H	A	O	P	L	C	I
L	Ñ	N	M	X	O	S	T	T	I
W	Z	R	M	T	O	H	A	A	T
V	U	A	L	L	I	F	N	X	N
C	G	G	V	H	O	Q	X	G	O

8 Ponlles acento gráfico ás palabras que o precisen.

FIO	SOCATO	SO	HABIA
PAI	CADANSUA	CURMAN	SUA
SUPETO	POEMA	FACIL	EGUA
PODIA	NO	AMENDOA	TAMEN
BAGOAS	RAPAZ	ANIMO	HUMANO
CARACTER	ILUSTRACION	BANAL	HERBA
RAPAZ	FURGON	QUENDA	XEITO
EMOCION	PERSOA	LATERAL	TUZARO
POESIA	SUPETO	ESCENICO	CONDICION
AINDA	ACENTO	BUTACA	IRMAN
LIBRO	ACTRIZ	RAZON	LOURO

durante a lectura

1 **Contesta.**

Quen agarda por Silvano? Que advertencia lle fai?

Cal é a actitude de Silvano? Con que o ameaza?

Como cualifica a Tomás diante da nai? Creo a nai? De que o acusa?

Que lle entrega a nai a Silvano? De quen é?

Que pasou o día da función? Como comezou?

Que lle quitou do peto? Que foi o que provocou?

Que lle aconteceu a Zoa? Con quen quedou?

A quen lle botaron a culpa do accidente?

Quen foi o que soltou os cabalos?

Que pasa para que Silvano non siga a ler a carta de Tatiana?

A quen atopan tirado na corte e que lle pasa a este?

Que lle piden a Silvano a xente e mais Tomás e a súa tía Aurelia?

Por que non sacrifican a egua?

Que lle pasa a Tomás?

Que lle confesa Milio a Silvano?

Que é o que acontece para que Tatiana non lle escribira antes? Canto se demorou en escribirlle?

Que obra representa agora a compañía e que lle promete Tatiana?

A quen lle lembra don Cosme?

2 Busca cinco substantivos e cinco verbos no texto.

Aquela última frase foi como unha sentenza, e a compañía enteira notou unha especie de corrente eléctrica colectiva. Nada bo auguraba. Se ben o policía pediu que só Omar Grandal o acompañase, foille imposible disuadir os demais para que permanecesen dentro do cinema e impedir que saísen tras el. Daquela, Silvano xa perdera toda noción da realidade e só buscaba coma un tolo as chaves polo patio de butacas, ou no seu defecto a ollada burlona de Tomás.

Substantivos: _____

Verbos: _____

3 Corrixe os erros no texto.

As holladas de todos, e moi especialménte has de Omar e Uriel, fulminaron a Silvano, quen de seito instintivo votou as mans ao peto do pantalón. Tremeu ao decatarse da súa sospeita. As chabes! Faltavánlle as chábes da gahiola onde gardara a Zoa e Azor! Rouváranllas. Hasiña pensou en Tomás. De súpeto, beulle unha sucesión de imases que esplicaban o seu comportamento o longo da semana. Sentírase desprezado polo forasteiro e polo seu cabalo e tramara un plan de binganza. Necesitava recuperar o seu posto privilexiado no grupo.

4

Explica o significado das seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha delas.

Almiscre: _____

Prosma: _____

Andrómena: _____

Polgar: _____

Encirrar: _____

Arrepío: _____

Caligrafía: _____

Estridente: _____

Axeonllar: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura

5 **Indica** se as palabras son monosílabas, bisílabas ou trisílabas e a táboa.

único Azor pé pata mel fondo axiña teatro intre
cabalo beizo atrás nó dente belfo conversa
contorna parvo pel besta palabra

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas

6 **Completa** as oracións coa forma do posesivo correspondente.

- Tomás, dilleá _____ nai(detí)queveñaá _____
(de min) casa.
- Déixase aconsellar polo instinto do _____ (del) cabalo.
- Volveuse intratable e agresivo, mesmo cos da _____
(de nós) casa, e chegou a trabar a _____ (de min) pai.
- A _____ (dela) ollada, decontino perdida, estaba acesa,
asustada pola viveza do lume.
- Que chegue a tempo ou o _____ (de min) fillo queda no
sitio!
- Marcela comprendeu a reacción da _____ (dela) cuñada.
- O _____ (del) afán de protagonismo perdeuno, e ante os
ollos da veciñanza desenmascarouse el só.

7 **Forma** frases coas palabras propostas.

Zoa, Silvano, montar, querer

Envexa, sentir, Tomás, Zoa, ir dacabalo, Silvano


cabalo, tráfico, Azor, accidente, Omar Grandal, morte

Furgón, roubar, Tomas, Silvano, chaves

Poesía, gustar, Silvano, facer

Manteiga, Milio, Silvano, pensar, Marcela, ser

8 **Debuxa** como imaxinas ti os cabalos.



despois da lectura

- 1 **Ordena** as ilustracións e **di** a que capítulo pertencen.



- 2 **Responde.**

Gústache a poesía?

Que pensas ti das persoas que fan poesía?

- 3 **Completa** o poema que lle fixo Silvano a Zoa.

Perdición

Ollada de _____, ollada _____,

ollada de _____, miña egua _____...

- 4 **Ponlle** outro título ao libro e **debuxa** unha nova portada.



- 5 **Imaxina** un final distinto no que Tomás se saia coa súa.



despois da lectura

6 Responde.

Tes aldea?

Que che gustaría facer se vivises na aldea?

Que animal de compañía terías se tiveses espazo?

7 Escribe as características destes personaxes.

Milio: _____

Marcela: _____

Tomás: _____

Don Cosme: _____

Omar Grandal: _____

Tatiana: _____

Zoa: _____

Azor: _____

ficha de lectura



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Ilustrador ou ilustradora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editorial: _____

Número de páxinas: _____

■ O protagonista principal do libro é: _____

■ Descrición dos personaxes principais: _____

Argumento

Silvano é un rapaz _____ que gosta da _____. O seu _____ Tomás e os _____ da aldea sempre se meten con el. De feito, é tan sensible que os _____ pensan que é de _____. Todo cambia coa chegada á aldea dunha compañía de _____. Omar Grandal, o dono da _____, vén buscando alguén que lle axude a repartir a _____. Alguén que coñeza os _____ e que lle caia ben ao seu _____ Azor. O elixido é Silvano, que gaña en _____ e axuda ademais os días de _____. El é o encargado de meter os _____ no furgón. Tomás, que morre de _____, logra roubarlle as _____ e provoca un _____ no que morre Azor, o _____ de Omar, e queda moi _____ a egua da súa _____ Uriel. Silvano queda ao coidado de Zoa, a pesar de responsabilizalo do

_____. Don Cosme, o seu _____, que ve nel moitas posibilidades comeza a coller _____ con el. Tomás non soporta a situación polos _____ e polo medo a que Silvano lle conte o sucedido. O seu _____ finalmente préndelle lume ao _____ para vingarse de Silvano que lle fai _____ e remata por autoinculparse da _____ de Azor e polo _____. Tatiana, a _____ de Omar, dálle novas da nova _____ de teatro e emprázao para que vaia en breve ao Cinema _____.

A túa opinión persoal

- Que é o que máis e menos che gustou do libro?

- Gústache o final? Explica por que.

- Pareceuche crible a historia?

- Valoración do libro: 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐

- Recomendarías este libro aos teus amigos? Explica por que: _____

Data da lectura: _____ Sinatura: _____